

Unidade 3. De lería

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Subliña e clasifica os artigos.

A xente di que só hai peixe nas augas da Illa. As redes énchense moi rápido.
Uns barcos saen a pescar ao amencer. Unhas mulleres venden na lonxa a captura.

- Artigos determinados → a, as o.
- Artigos indeterminados → uns, unhas.

2. Escribe un artigo diante de cada substantivo.

Artigos determinados

- o río
- A gaiola
- As portas
- Os gatos

Artigos indeterminados

- Un pallaso
- Unhas follas
- Unha pedra
- Uns sofás

3. Subliña os demostrativos e rodea os substantivo ao que se refire.

- Aquela bicicleta é mais grande ca esta.
- Esos coches serán vendidos por aquel vendedor.
- Este bolso regaloumo a miña tía.
- Esas rapazas comen cenorias.

4. Analiza e clasifica os determinantes.

as ondas esas zapatillas esta praia unha ovella o poliño

	Clase de palabra	Xénero	Número
as	artigo determinado	feminino	plural
esas	demostrativo	feminino	plural
esta	demostrativo	feminino	singular
unha	artigo indeterminado	feminino	singular
o	artigo determinado	masculino	singular

5. Analiza morfoloxicamente o seguinte grupo de palabras.

- Aquelas enormes rochas.

	Clase de palabra	Xénero	Número
Aquelas	Determinante demostrativo	Feminino	Plural
Enormes	Adxectivo	Feminino	Plural
Rochas	Substantivo común	Feminino	Plural

Unidade 3. De lería

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

6. Rodea de vermello a sílaba tónica das seguintes palabras.

café	húmido	detective	funil
camións	león	color	túnel
inzado	campá	calcetín	anís
compás	pendóns	rapaz	morcego

7. Escribe as palabras anteriores que teñan a sílaba tónica no último lugar.

Café, funil, camións, león, color, campá, calcetín, anís, compás, pendóns e rapaz.

8. Clasifica as palabras anteriores segundo o seu remate. Despois, colorea de vermello as que leven acento gráfico.

vogal	-n	-s	-ns	consoante distinta de -n ou -s
Café, campá.	Calcetín, león.	Compás, anís.	Camións, pendóns.	Rapaz, color, funil.

9. Agora escribe ti catro palabras agudas que leven acento gráfico. Resposta libre.

10. Escribe dúas palabras agudas que non leven acento gráfico. Resposta libre.

11. Ditado.

A Tomé gústanlle os documentais de animais. Todas as tardes, despois de chegar do traballo, sentase diante da televisión cun café con leite.

Despois sae a unha pequena horta e coida dos tomates, leitugas e melóns que alí ten plantados.

Unidade 3. De lería

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

12. Le este conto.

Un rapaz viaxa de vacacións a un pazo. Percorre todas os cuartos, agás un ao que nin se achega por medo á escuridade. Xustamente nesa zona do pazo vive unha medrosa pantasma multicolor que non se atreve a saír de alí por medo á claridade. Os dous tentan superar os seus medos sen éxito, ata que un día o rapaz se arma de valor e comeza a atravesar o corredor escuro, mentres se imaxina que ao outro lado están os seus amigos cunha festa sorpresa. Así chega ata a pantasma que, ao velo, se alegra moito de coñecer a alguén co que xogar, así que se fan amigos e o rapaz axúdao superar o medo á claridade.

Pedro Pablo SACRISTÁN

13. Esta narración conta feitos reais ou fantásticos?

Feitos fantásticos.

14. Responde as seguintes preguntas.

- Cal é o protagonista do conto? **Un rapaz.**
- Que lle ocorre? **Viaxa a un pazo no que percorre todos os cuarto, agás un por medo á escuridade.**
- Cal é o desenlace? **O rapaz supera o seu medo á escuridade e axuda a pantasma a superar o seu medo á claridade.**

15. Escribe un pequeno conto no que o protagonista atope...

...unha lámpada máxica.

...un xenio que non sabe como conceder desexos.

Resposta libre.

Unidade 3. De leria

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

16. Completa coas palabras das cartelas (que son os tipos de dicionarios).

bilingües

normativos

enciclopédicos

técnicos

sinónimos e antónimos

- Os dicionarios **normativos** recollen por orde alfabética as palabras co seu significado.
- Os dicionarios **enciclopédicos** inclúen información sobre distintos temas
- Os dicionarios **bilingües** empréganse para traducir palabras dunha lingua a outra.
- Nos dicionarios **sinónimos e antónimos** podemos atopar palabras de igual significado ou de significados contrarios.
- Os dicionarios **técnicos** recollen palabras específicas dun campo do saber: Bioloxía, Medicina, Matemáticas...

17. Completa.

- Que dicionario utilizarías para...

→ Traducir unha palabra do inglés. **Bilingüe.**

→ Facer un traballo da historia de Galicia. **Técnico / enciclopédico.**

→ Buscar as palabras sinónimas da palabra **vello**. **Normativo.**

→ Buscar os determinantes. **Normativo / técnico.**

